



## RECOMENDACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA GALEGA NO ANO 2017

O Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), de acordo co artigo 3 da Lei 5/2008 de 23 de maio, ten como unha das súas funcións esenciais a de: *“fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial”*.

O Consello, desde a súa creación en 1988, presta unha especial atención a esta materia conscientes da súa importancia como elemento vertebrador das relacións laborais dun país, da súa contribución á paz social, ao crecemento económico, á mellora do emprego e da súa calidade e á cohesión social.

Nos tres últimos anos, pese á vixencia expresa de convenios colectivos plurianuais e a cobertura da ultraactividade que manteñen moitos convenios, apréciase unha atonía e ralentización da negociación colectiva galega, **ata o punto que no ano 2016 tan só se negociaron nove convenios colectivos sectoriais en toda Galicia en todos os ámbitos territoriais de negociación**. O noso compromiso coa negociación colectiva, a certeza das súas bondades e a preocupación pola redución cuantitativa e cualitativa de procesos negociadores e convenios colectivos, levou ao pleno do Consello Galego de Relacións Laborais a aprobar por unanimidade na súa xuntanza de **29 de marzo de 2017** a seguinte **RECOMENDACIÓN** cara á negociación colectiva do ano 2017:

1º Co debido respecto á autonomía das mesas negociadoras de cada convenio, ás particularidades de cada proceso negociador e ás dificultades que poidan xurdir en cada caso concreto, recoméndase a maior **axilidade na constitución** das mesas de negociación dos convenios colectivos que se atopen denunciados e que corresponda negociar este ano. A estes efectos, sería conveniente acordar, unha vez constituída a mesa, un calendario de xuntanzas, non excesivamente dilatadas no tempo e que sirvan como elemento dinamizador e de estímulo dos procesos negociadores, sen prexuízo da posibilidade de rexistrar acordos parciais que se vaian acadando.

2º Na negociación dun convenio colectivo resulta inevitable en ocasións que se produzan discrepancias, diferenzas, problemas ou atrancos que poden levar a bloqueos ou parálises na negociación. Galicia conta cunha ferramenta potente, o **AGA**, da que se dotaron os interlocutores sociais galegos no ano 1992, que se amosa especialmente axeitada para ofrecer pola vía da mediación ou da arbitrase solucións rápidas, imaxinativas e eficaces aos problemas que poidan xurdir. Os formularios de solicitude de mediación ou arbitrase pódense atopar no seguinte enlace [http://cgrl.xunta.es/g\\_aga.asp](http://cgrl.xunta.es/g_aga.asp)

3º O Consello pon á **disposición** das mesas negociadoras de convenios o apoio necesario, persoal xurídico e técnico, instalacións e demais medios para axudar ao desenvolvemento das negociacións. Particularmente, a convocatoria de xuntanzas, o funcionamento do organismo como sede de

comisións paritarias, a elaboración de actas das xuntanzas, a revisión da legalidade dos textos previamente á súa sinatura, os trámites de rexistro e depósito no REGCON (rexistro telemático de acordos e convenios colectivos) previa delegación no persoal do organismo, un amplo abano de cláusulas tipo ou a tradución ao galego dos textos que se acorden, entre outras, son actuacións que se poden demandar e que teñen a súa canle natural no Consello.

4º En materia de **igualdade** e non discriminación, está adscrita organicamente ao Consello a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, órgano de asesoramento, control e promoción da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, que ten a facultade e a capacidade de asesorar sobre a redacción de cláusulas que promovan a igualdade e removan discriminacións directas e indirectas por razón de xénero.

5º En materia de **ultraactividade**, durante o proceso negociador e antes do remate daquela, poderanse acordar prórrogas da vixencia do convenio, que deben ser obxecto de rexistro, depósito e publicación no REGCON.

6º Recoméndase sinalar no texto do convenio colectivo ao CGRL como sede da **comisión paritaria**, o que garante que calquera escrito ou convocatoria que se dirixa a esta remitirase con axilidade aos seus integrantes polo persoal do organismo. En todo caso, identificarase axeitadamente un domicilio da comisión paritaria a efectos de notificacións. Do mesmo xeito, a remisión ao AGA como mecanismo para solventar as discrepancias que se produzan nas comisións paritarias nos procesos de inaplicación de convenios colectivos, da cumprida satisfacción ao contido mínimo esixido no artigo 85 do Estatuto dos Traballadores.

7º Aconséllase a correcta cumprimentación das **follas estatísticas** unha vez finalizada a negociación do convenio colectivo. O Consello conta cunha base de datos completa respecto dos CNAES, persoas traballadoras afectadas e a súa separación por sexos para subministrar ás persoas negociadoras que o soliciten.

8º Na **páxina web do Consello** está a disposición o texto de todos os convenios colectivos aplicables en Galicia, os boletíns e informes sobre a situación da negociación colectiva galega, o enlace para o rexistro de convenios, o formulario de solicitude para determinar o ámbito de aplicación dun convenio colectivo, así como información normativa e xurisprudencial relativa á materia.

Santiago de Compostela, 29 demarzo de 2017